



EDUARDO PONDAL ABENTE

**Os Pinos
(Himno Galego)**

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente,
ó raio transparente
do plácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

—“Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confin dos verdes castros
e valeroso chan
non des a esquencemento
da inxuria o rudo encono;
esperta do teu sono,
Fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son,

mais só os ignorantes,
e fêridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das idades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois onde quer xigante
a nosa voz pregoa
a redención da boa
nación de Breogán.

Teus fillos vagorosos
en quen honor só late,
a intrépido combate
disponde o peito van;
Sé, por ti mesma, libre
de indigna servidume
e do oprobioso alcume,
rexión de Breogán.



DA RAZA

Nós somos alanos,
e celtas e suevos,
mas non castellanos,
nós somos gallegos.
Seredes iberos,
seredes do demo.
Nós somos dos celtas,
nós somos gallegos.

Se son castellanos,
se son dos iberos,
se son dos alárbios
e mouros, e eso
da sua prosápia
os fai ben contentos:
que sean quen queiran
e os veigan os demos.
Nós somos do norte,
nós somos dos suevos,
nós somos dos celtas,
nós somos gallegos.

Podrán os cultos fillos
do chao polvorento e ermo,
alabarse do inxénio
do fidalgo manchego.
Podrán gabar do manco
o estilo duro e seco,
como as frutas do espiño
dos seus maternos eidos.
Nós somos de Camoens
os incultos gallegos.
Nós somos do Océano,
nós somos dos suevos,
nós somos dos celtas,
nós somos gallegos.

Iberos cativos
non perdás o tempo
pra impor-nos a fala
aos nobres gallegos,

os vosos costumes,
os vosos acentos,
os vosos costumes
e acentos de ferro.

Con Dios vos quedade
alárbios do demo.
Nós somos do porto,
nós somos dos suevos,
nós somos dos celtas,
nós somos gallegos.

Se acaso se gaban
dos seus duros eidos,
das duras estepas
e chao polvorento;
se beben o leite,
e comen os queixos
de cabra e carneiro:
que ben lle aproveite,
e os leven os demos;
nós somos do norte,
dos galos e suevos,
nós somos dos celtas,
nós somos gallegos.

Vós sodes dos cingaros,
dos rudos iberos,
dos vagos xitanos,
da xente do inferno;
dos godos, dos mouros
e alárbios; que aínda
vos leven os demos.
Nós somos dos galos,
nós somos dos suevos,
nós somos dos francos,
romanos e gregos.
Nós somos dos celtas,
nós somos gallegos.

Dos celtas antigos
gloriosos exemplos;
do duro romano
non lixios, non servos:
rompede as cadeas
da patria, dos eidos;
luitade valentes;
luitade, gallegos.
Con rogo e con pranto,
con brandos acentos,
non ben se consiguen
os nobres empeños:
esforzo e constancia
vos peden os tempos:
luitade animosos;
luitade, gallegos.

Luitando se vencen
da sorte os degredos;
quen luita, ese e forte;
quen cede, ese é servo:
oponde aos destinos
un peito de ferro:
luitade, luitade, luitade, luitade,
luitade, gallegos.

Nobre Gundar, fillo de Ouco,
fillo de Celt, de Rou fillo;
ouh, bardo dos negros ollos,
de nobre andar e garrido
escuro, de voz xemente,
dun acento nunca oído,
ó rumor asomellante
do vento nos altos pinos:

teus vagos e doces cantos
certo, non desconocidos
me son, e non veces poucas
os teño quezais oído;
ben no me acordo se agora
ou quezais en tempo antigo;
máis cos oídos da alma
que cos corpóreos oídos,

Un bardo que tan ben canta
non debe temer o olvido;
jou, cantor dos nobres celtas,
os de corpos ben cumpridos,
que na terra de Brigandsia
pola patria sucumbino!

Ó abrigo do vento circio,
sentada ó pe dos valados
que hai nos *Casás* de Nemiña,
os cabelos pieitando
cun lindo pieite de ouro
que deslumbra ó miralo,
cantaba a fada Rouriz
cousas do tempo pasado:

“Eran Manoel Leis e Baña,
Barrentos, Lastres e os Paz,
eran Piñeiro e Leis Busto,
Ruíz, Canosa e Currás,
Arxomil, o da Redonda,
(nunca se me esquecerán);
Pedro Rodríguez, Ocampo,
Lourenzo e Castro Romai,
Francisco de Castiñeira,
Cristovo, morto en agraz,
Mauro Fernández, Menecho,
Manoel Romero e Pon...al”.

Esta parte do seu canto
ben non se poido escoitar
(sopraba o aire mui recio
nos valados dos *Casás*)
e, cal son de doce corda,
ó lonxe foi espirar.

“Lastres era de Muxía,
a areosa, a seca, a triste:
Leis era de Suxo, e Ocampo
da terra de Villarmide:
Leis Busto, de Coucieiro:
Barrentos, de Morpeguite,
de Corcubión os outros
non eran fóra dos lindes:
os outros, ¡ouh!, Bergantiña,
todos ti nacer os viches.

Estes foran os rapaces
que nunca me sairán
da memoria, porque un tempo
soían ben alegrar
estes lugares, que agora
mui sós e tristes están.

¡Ouh, rapacetes rebertes,
de tenro corpo lanzal,
e tan libres coma os corvos
do facho de Touriñán!

Nas clunas do meu palacio,
que baixo da terrá está,
os vosos nomes garridos
para sempre hei de gravar”.

Salvaxe val de Brantoa
en terra de Bergantiños;
oh val, amado dos celtas
e dos fungadores pinos:
cando Gundar pobre e escuro
sexa deste mundo ido,
no teu seo silencioso
concédelle, val amigo,
sepulcro a modo dos celtas,
tan só de ti coñecido.

Que hai tempo que neste mundo
anda o bardo peregrino,
desexando chegar ó cabo
dun traballo escurecido,
e samente repousar
desexa do seu camiño.

Que barba non cuidada!
 Que pálida color!
 Que vestido que longa
 noncuranza afeou!
 Quezais é algun malvado,
 quezais é algun ladrón...
 Miña madre, valede-me,
 valede-me, por Dios;
 quezais é algun minguado,
 que o xuício lle mancou;
 oh! que vista tan brava,
 chea de espanto e dor!
 Non sei se me dá medo,
 se me dá compasión;
 parece un pino leixado do vento,
 parece botado do mar de Niñóns.

- Sinxela rapaceta,
 non me teñas temor;
 non son un vagamundo,
 non son ningún ladrón:
 xeroglífico ousado
 do limo soñador,
 vou, e ignoto a min mesmo
 escuro enigma eu son;
 se quizais estou tolo,
 estou tolo de amor:

por eso as boas xentes,
 p'ronde vagante vou,
 ao ver meu abandono,
 din con admiración:
 parece un pino leixado do vento,
 parece botado do mar de Niñóns.

Pensamentos insomnes,
 turbulenta ambición,
 propósitos de ferro,
 o ánimo nobre ousou:
 de mil suidades fondas,
 o túrbido escadrón,
 coma a Luzbel privara,
 do primeiro esplendor.
 Son os bardos sapientes,
 que lei fatal lanzou,
 soñadores e vagos,
 de sua condición:
 por eso eu a min mesmo,
 non me conozo, non;
 e escraman os camiños
 mesmos por onde vou:
 parece un pino leixado do vento,
 parece botado do mar de Niñóns.

O testamento do bardo

Sepultade piadosos
 Ao bardo dos galaicos destinos
 baixo os dereitos troncos rumorosos
 de esbelto grupo de soantes pinos,
 nos eidos saudosos
 que habitaron os celtas brigantinos.
 Que diga o camiñante
 Que alí dirixa os pasos pergrinos:
 - Este cantou con voz harmoniosa
 de Breogán a raza xenerosa

Ouh, da terra de Xallas, feros corvos
 Que vagantes andás,
 sen pensar nos destinos,
 sen hoxe nin mañá,
 iquen puidera ser voso compañeiro
 pola agreste soedá!



Meniña, rapaza nova,
ouh, rosa de Corcoesto,
que brandeas con gracia
aos doces sopros do vento:
se é certo que por ti vivo,
se é certo que por ti peno,
se tan doce e dadivosa,
como din que es, é certo;
cúrame, oh rapariga,
estas suidades que teño:
estas suidades da alma,
de non sei qué, que padezo;
ti tes dos meus males a doce menciña,
jough, rosa de Corcoesto!

Eu sei dunha dóce meiga
por quen teño admiración
que decote me ten preso
na súa doce prisión.

—¿Cómo se chama?

—O seu nome

Non o dirés, iso non.

Teño unha doce inimiga
de tan rara condición
que sen querer me fería
no fondo do corazón:

—¿Como se chama?

—O seu nome

Non o dirés, iso non.

● Pilleina antre os pinos soa

*Pilleina antre os pinos soa
alba de medo tornou;
quixo fuxir, mais non pudo
(que sabe qué peixe eu son).
Rogárame de rodillas,
de rodillas me rogou;
tembrou como a vara verde
que estremece a virazón¹.*

*Cal quen teme ser oída,
dixo: —«Pídocho por Dios...!»
—«Estás fresca! —lle contesto—
vente a min con oracións:
Non solta nunca o raposo
a galiña que pillou;
astra zugarlle o mel todo
non solta a fror o abellón,
nin a branca e doce pomba
larga o montesío azor.»*

As almas escravas,
de ideas non grandes,
van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames.

Mil soños forxando,
que o ánimo agobian;
arrastrando infamantes cadeas,
cal brandos ilotas.

Espíritos brandos,
espritos muliebres,
sedentarios, que lenta consome,
e mórbida, frebe.

Mais a alma do bardo,
enérxica, ousada,
que audaz liberdade
tan soo soña e ama,
¡vai pensando en propósitos férreos
que ergueran a patria!

A LIRA DE TYRTEO

Quen tivera ditoso
un tan sublime acento
que do seu fondo sono
despertara os galegos!
Oh, quen cumprir pudiera
tan xeneroso intento
desenterrando a lira,
a lira de Tyrteo!

Certo, non lle puxera
doces e brandos nervos,
mais dobres lle cinguirá
unhas cordas de ferro...
Oh, cal soara baixo
dos meus febreantes dedos
a lira sonora,
a lira de Tyrteo!

Oh, como despertaran
os máis sublimes ecos,
ecos de liberdade
dos párias e dos servos!
Cal do seu fondo sono
despertara os galegos
a lira estrepitosa,
a lira de Tyrteo!